



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE 29/MAIO/2018

José Ramón García Vázquez, alcalde do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo martes 29 de maio de 2018 ás 20:30 h en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte **ORDE DO DÍA** para a devandita sesión:

1. Dar conta de Decretos da Alcaldía e asuntos varios
2. Aprobación da incorporación de arquivos audiovisuais nas actas das sesións plenarias deste Concello
3. Expediente: solicitude de subvención para levar a cabo o proxecto "Mellora eficiente da iluminación pública no concello de Betanzos"
4. Moción de BN sobre dar a coñecer o funcionamento da administración electrónica
5. Moción de BN sobre o servizo de retirada de vehículos da vía pública.
6. Moción de BZeC relativa a estudar a posible creación dun camping municipal.
7. Moción do PSOE relativa á endometriose
8. Moción do BNG sobre taboleiros informativos.
9. Moción do PP para que o Concello de Betanzos elabore e publique na súa web un regulamento de usos do edificio Matadoiro
10. Moción do PP para que o Concello elabore una ordenanza de honras e distincións.
11. Moción do BNG sobre saneamento da ría.
12. Moción do PSOE/conxunta, de rexeitamento ao proxecto de reapertura da mina de Touro e O Pino.
13. Rogos e preguntas

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O alcalde

José Ramón García Vázquez

O Secretario (Asinado aos efectos do artigo 2 do Real decreto 1174/1987)

Rafael del Barrio Berbel